



## II DUBRA TRAIL

### Concello de Val do Dubra

O clube **Dubra Team** organizará, coa colaboración do Concello de Val do Dubra, o domingo 3 de xuño a segunda edición do TRAIL de Montaña Dubra Trail. As probas estarán baixo o control técnico do Comité de Xuices da FGA.

As probas rexiranse polo seguinte

### REGULAMENTO XERAL

- 1) Habará 2 modalidades de competición e unha ANDAINA POPULAR. O horario e distancias das probas serán os seguintes:




HORA	PROBA	DISTANCIA
09.30 h	TRAIL LONGO	25 km aprox.
09.30 h	ANDAINA POPULAR	14 km aprox.
10.15 h	TRAIL CURTO	15 km aprox.

- 2) PARTICIPACIÓN:

Nas probas de Trail Longo e Trail Curto poderá participar calquer persona de 18 anos ou superiores cumpridos o día da proba. Na ANDAINA popular poderán facelo a partir de 16 anos cumpridos o día da proba.

- 3) CATEGORÍAS:

Estableceranse as seguintes categorías de competición en ambos trails (Longo e Curto):

-  ABSOLUTOS/AS: de 18 anos cumpridos o día da proba e superiores;
-  SENIOR: de 18 anos ata veteranos;
-  VETERANOS/AS: de 40 anos cumpridos o día da proba e superiores.

- 4) PUNTO DE SAÍDA E META E PERCORRIDO DAS PROBAS:

As probas sairán desde o Campo de **Fútbol da Tilleira**, na localidade de Bembibre. Ese punto será tamén punto de meta das mesmas. As probas discurrirán por camiños e sendas de monte na maior parte do percorrido.

Ubicación punto de Saída / Meta.

Ligazón:

(<https://www.google.es/maps/search/campo+de+f%C3%BAtbol+de+Val+do+Dubra/@43.0207994,-8.6571143,17z/data=!3m1!4b1> )

A ruta curta e a andaina popular empregarán un percorrido común que discurrirá pola Ruta da **Fervenza do Rexedoiro PR-G202**.

#### 5) **INSCRICIÓNS:**

As inscricións poderán realizarse na páxina web [www.emesports.es](http://www.emesports.es) segundo os seguintes prazos e prezos:

PROBA	PREZO	PRAZO
TRAIL LONGO	18 €	Do 03/05 ó 30/05 ás 23.59 h
TRAIL CURTO	15 €	Do 03/05 ó 30/05 ás 23.59 h
ANDAINA	10 €	Do 03/05 ó 30/05 ás 23.59 h

Calquera dúbida relacionada co proceso de inscrición poderán consultala no tf 654 285 692 ou no em@il de organización [dubrateam@outlook.es](mailto:dubrateam@outlook.es)

#### 6) **AVITUALLAMENTOS:**

Estableceranse 3 puntos de avituallamento líquidos e sólidos na ruta longa, 2 na ruta curta e na Andaina distribuídos do seguinte xeito:

- RUTA LONGA: KM 8, KM 16 e META.
- RUTA CURTA: KM 8 e META.
- ANDAINA: KM 8 e META.

Recoméndase levar mochila de hidratación ou hidratación propia na proba. A organización só habilitará os puntos de avituallamento indicados no presente reglamento non sendo este motivo de reclamación.

#### 7) **DUCHAS E VESTIARIOS:**






Haberá servizo de duchas e vestiarios a disposición dos atletas no Campo de Fútbol Municipal (lugar de saída e meta das probas).

#### 8) **AGASALLO TÉCNICO PARTICIPANTES:**

Todos os participantes que se inscriban nos prazos de inscrición mencionados anteriormente recibirán un agasallo de organización pola súa participación no Dubra Trail.

## 9) TROFEOS E PREMIACIÓN:

Ao remate das probas realizarase a entrega de premios (aproximadamente as 13:30 horas). Na mesma entregaranse os seguintes trofeos:

-  3 primeiros/as clasificados/as absolutos das rutas longa e curta.
-  1º e 1ª corredor/a local do trail longo e do trail curto.
-  3 primeiros/as clasificados/as da categoría SENIOR das rutas longa e curta.
-  3 primeiros/as clasificados/as da categoría VETERANOS/AS das rutas longa e curta.
-  3 clubes que aporten máis participantes á todas as probas (cómputos xeral de ambas rutas).

**Os premios non serán acumulativos, de xeito que ningún participante poderá levar 2 trofeos(agás os premios a atletas locais)**

- 10) Todos os corredores estarán cubertos por un seguro de accidentes deportivos e responsabilidade civil obrigatorio. A organización disporá dos servizos sanitarios obrigatorios por ley.
- 11) Todo o non recollido no presente regulamento resolverase a criterio da organización.

Máis información en:

[www.emesports.es](http://www.emesports.es)

[www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com)

[www.atletismo.gal](http://www.atletismo.gal)

[dubrateam@outlook.es](mailto:dubrateam@outlook.es)

[www.correrengalicia.es](http://www.correrengalicia.es)

<http://valdodubra.gal/>

<https://www.facebook.com/DUBRA-TEAM-117373061665512/>